

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E ECOEMBALAJES ESPAÑA, S.A.

A presente memoria ten por obxecto xustificar a tramitación dun Convenio marco de colaboración entre esta Administración autonómica e a sociedade ECOEMBALAJES ESPAÑA, S.A. en canto a antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos que de seguido se sinalan.

Polo que ao contexto normativo no que o Convenio se enmarca debemos comezar indicando que, en materia de xestión de residuos, por aplicación do denominado principio de “quen contamina paga”, vense desenvolvendo nos últimos anos a chamada responsabilidade ampliada dos produtores de produtos que co seu uso se converten en residuos.

Así, a *Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados* dedícalle o seu título IV a esta cuestión que, se ven xa contaba con regulación anterior, carecía dun marco legal sistematizado e coherente.

Esta responsabilidade ampliada o que supón é que os produtores de produtos (envases, aparellos eléctricos e electrónicos, pilas e baterías, aceites industriais, pneumáticos usados...) que rematan converténdose en residuos veñen obrigados a involucrarse na prevención e na organización da súa xestión, promovendo a reutilización, a reciclaxe e a valorización de residuos, por esta orde, segundo o que regulamentariamente se estableza para cada fluxo de residuos.

Con carácter xeral, os produtores poden dar cumprimento ás obrigas que lle veñen impostas, ben de xeito individual, ben a través de sistemas colectivos de responsabilidade ampliada (denominación que agora se prefire á de sistemas integrados de xestión que se viña empregando).

No caso de envases e residuos de envases, a *Lei 11/1997, do 24 de abril*, establece que os



envasadores e comerciantes de produtos veñen obrigados a establecer un sistema de depósito, devolución e retorno dos envases dos produtos postos por eles no mercado salvo que optasen por participar nun sistema integrado de xestión.

É neste contexto no que xorde ECOEMBALAJES ESPAÑA, S.A. (ECOEMBES), sociedade anónima sen ánimo de lucro constituída en virtude de acordos adoptados por axentes económicos que operan neste sector coa finalidade de organizar a recollida periódica de envases e residuos de envases.

En virtude destes acordos os produtores/envasadores pagan unha cantidade por cada produto envasado posto por primeira vez no mercado nacional co que se financia, maioritariamente, o sistema colectivo.

Estes sistemas precisan da oportuna autorización por parte do órgano competente de cada unha das Comunidades Autónomas, segundo o procedemento establecido ao efecto.

No caso de Galicia, ECOEMBES foi autorizado por primeira vez na nosa Comunidade Autónoma por Resolución do 16 de novembro de 1999 como sistema integrado de xestión de residuos de envases e envases usados. Esta autorización foi renovada nos anos 2005 e 2010. Esta última, foi prorrogada ata o 30 de decembro de 2016 en virtude da Resolución ditada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, do 14 de decembro de 2015.

Esta autorización está condicionada ao cumprimento por parte de ECOEMBES, ademais das obrigas que a normativa vixente estableza en cada momento, ás que se deriven dun Convenio marco onde se especifiquen detalladamente os compromisos que asume o sistema de xestión autorizado. Esta é a razón pola que a resolución da autorización, e as súas renovacións, se ven condicionadas pola sinatura dun Convenio marco.

Cómpre sinalar que a tramitación dun convenio destas características ven motivada pola



necesidade de instrumentar un procedemento para financiar ou compensar ás entidades locais pola súa participación na recollida selectiva destes residuos, segundo se contempla na normativa sectorial aplicable.

Así, a Lei 11/1997, do 24 de abril, antes mencionada, establece no seu art. 9:

“1. A participación das entidades locais nos sistemas integrados de xestión de residuos de envases e envases usados levarase a efecto mediante a firma de convenios de colaboración entre estas e a entidade á que se lle asigne a xestión do sistema.

De acordo co que se estableza nestes convenios de colaboración, as entidades locais comprometeranse a realizar a recollida selectiva dos residuos de envases e envases usados incluídos no sistema integrado de xestión de que se trate, e a seu transporte ata os centros de separación e clasificación, ou, no seu caso, directamente aos de reciclado ou valorización”.

[...]

3. A participación das Entidades locais nos sistemas integrados de xestión de residuos de envases e envases usados levarase a cabo a través das Comunidades Autónomas ás que pertencen, cando estas teñan aprobados plans de xestión de residuos sólidos urbanos (...). Neste caso, as Comunidades Autónomas deberán garantir que os fondos recibidos do sistema integrado de xestión se destinen, cando menos, a cubrir os custes adicionais que, en cada caso, teñan que soportar as Entidades locais, de acordo co establecido no apartado 2 do artigo 10.”

Trátase, en definitiva, de instrumentar ou formalizar a compensación que haberán de recibir as entidades locais que participen no sistema polos custes adicionais que lles supón a recollida selectiva destes envases usados no lugar doutro sistema ordinario de recollida,



transporte e tratamento dos residuos.

Pola súa banda, o Real Decreto 782/1998, do 30 de abril, polo que se aproba o regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997 engade no seu art. 9.2 que cando se dea esa situación descrita anteriormente (a participación das entidades locais nos sistemas integrados de xestión) “cada unha das Comunidades Autónomas que teñan aprobado un plan de residuos urbanos acordará coas entidades ás que se lle atribuíse a xestión dos sistemas de xestión un Convenio marco, no que se incluírán as condicións xerais a aplicar a todos os municipios da Comunidade Autónoma, o cal, con posterioridade, poderá ser voluntariamente subscrito por cada un dos Entes Locais que desexen participar, sendo posible contemplar condicións particulares para determinados Entes Locais, en casos específicos”.

Tal é o caso da nosa Comunidade Autónoma e o que motiva a tramitación do convenio ao que se refire a presente memoria e o que constitúe o obxecto deste.

O primeiro Convenio marco entre a Xunta de Galicia e Ecoembes foi asinado o 16 de novembro de 1999, seguíndolle os dos anos 2005 e 2010. O texto que agora se tramita viría a substituír ao do ano 2010, vixente na actualidade, tras a oportuna adaptación do seu contido á realidade do momento.

Cómpre sinalar que, de conformidade coa fórmula de adhesión empregada nos tres convenios tramitados ata o momento, os 310 concellos adheridos na actualidade seguiríano estando ao amparo do novo texto convencional, en virtude do establecido no art. 6 que, textualmente, sinala:

“No caso de Entidades locais e Consorcios que estivesen adheridos ao anterior Convenio considéranse adheridos ao presente Convenio se no prazo de dous meses dende que se comunique a firma do novo Convenio non manifestasen por escrito o contrario á Comunidade Autónoma”



Trátase con isto de darlle continuidade aos compromisos asumidos polas partes en tanto estea vixente o convenio de que se trate, en particular polas repercusións económicas beneficiosas para as entidades adheridas e ata a entrada en vigor do novo texto, sen prexuízo da posibilidade que brinda o citado artigo no caso que a vontade dalgunha entidade local fose outra distinta da de seguir adherido.

Deixar constancia ao respecto que o novo convenio foi posto a disposición das entidades locais para o seu coñecemento e a efectos de que formulasen as consideracións que considerasen oportunas, as cales foron avaliadas e, no seu caso, tidas en conta á hora de elaborar a actual redacción do texto finalmente tramitado. Incorpórase ao expediente a documentación xustificativa así como o informe relativo ás alegacións recibidas.

No tocante ao requirido pola normativa aplicable en materia administrativa, identifícanse no texto: as partes que interveñen, o ámbito ao que vai referido, os compromisos asumidos polas partes asinantes e entidades que se adhiran , a súa vixencia, as causas de resolución e modificación así como os mecanismos de seguimento da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Polo que atinxe a estes compromisos, máis concretamente aos de carácter económico, cómpre sinalar que o convenio non comporta obrigas de gasto para esta administración, carece de transcendencia económica dende o punto de vista da xestión orzamentaria autonómica, pero susceptible, sen embargo, de xerar consecuencias económicas favorables para a entidades adheridas e outras que puideran adherirse no futuro.

De conformidade co establecido no art. 4.1, d) do *Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector*, o presente convenio está excluído do ámbito de aplicación desta lei:

"Os convenios que, conforme ás normas específicas que os regulan, celebre a



Administración con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu obxecto non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais".

Sinalar, por último, que terase en conta en relación con este convenio o establecido na *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, sobre as obrigas específicas en materia de información.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa

